

SECRETARÍA GOBERNO
LOCAL

CONCELLERÍA DE
SEGURIDADE, CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



INFORME PROPOSTA

EXPTE 1511-1102

En data 12.07.2023, [REDACTED] actuando en representación da mercantil [REDACTED] solicita " certificado de las subvenciones y/o ayudas de cualquier tipo otorgadas desde el Concello de Vigo a la mercantil ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO SL, así como los gastos por servicios y suministros que ha soportado el Concello para la continuación de la actividad en el Auditorio y Palacio de Congresos, en particular si el Concello de Vigo asumió el pago de 148.690,07 euros a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA SL (o cualquier otra cantidad o entidad)."

En data 28.07.2023, a Xefatura da Área de Xestión patrimonial e Territorial, previa solicitude, informa " En resposta ó seu requirimento de informe de data 18/07/2023, sobre a solicitude de acceso presentada por D. [REDACTED] en data 12/07/2023, a través do rexistro electrónico, infórmolle que o interesado deberá acreditar a representación invocada na solicitude."

En data 4.09.2023 notificouse a D. [REDACTED] requirimento da emenda da solicitude para que de conformidade co disposto no en relación co artigo 68 da Lei Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo acreditase a representación mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia (artigo 5.3 da Lei 39/2015) no prazo de 10 hábiles

Transcorrido o prazo conferido non consta no expediente a emenda da documentación solicitada polo que conforme o 68 da Lei Lei 39/2015, do 1 de outubro procede entender a [REDACTED] desistido da súa solicitude.

Polo exposto, formúlase á Concelleira de Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal como órgano competente segundo Resolución de Alcaldía de delegacións específicas de data 28.06.2023 a seguinte **PROPOSTA**

PRIMEIRO.- Entender a D. [REDACTED] desistido da súa solicitude de acceso a información en expediente 1511-1102.

SEGUNDO.- Notificar ao solicitante indicándolle que contra esta resolución e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 10:02	Páxina 1 de 2
1511-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Vigo, na data de sinatura dixital.

A secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña.

DECRETO: Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.**

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal Dona. Patricia Rodriguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19 modificada por Resolución de data 28.06.2023e 20.06.2023 e 28.06.2023, BOP nº 129 de data 5.07.2023 e 28.06.2023)

Dou fe, a secretaria de Goberno Local, Susana Gallardo Fariña.

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 26/10/2023 10:02	Páxina 2 de 2
1511-1102		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		